

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De conformidade co establecido na resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 29/09/2021, a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE MESTRES/AS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 mestras ou mestres**, dun **total de 5** que debe ter o Consello Escolar. Os outros 3 representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018.

2.- O censo electoral de mestres/as está exposto a partir do 5 de novembro no taboleiro de anuncios do centro.

3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 08 de novembro ata as 14,00 hs. do día 15 de novembro de 2021

4.- A mesa electoral estará formada pola Directora do centro, que actuará como presidenta, e os mestres/as de maior e menor idade, actuando este último de secretario/a.

5.- Cada mestre/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **5 nomes** da lista de candidatos/as.

6.- O voto será directo, secreto e non delegable.

7.- Para dar cumprimento ao artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de Claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento da elección de representantes dos mestres/as no Cónsello Escolar, así coma tamén á fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos/as, convócase Claustro de mestres/as, a tales efectos, **para o día, martes 16 de novembro, ás 16.00 horas.**

8.- O día da votación será o martes 23 de novembro

9.- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vigo, 5 de novembro de 2021.

A DIRECTORA DO CENTRO E PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL:

SHEILA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ.

Asdo.:

